

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11433 *Real decreto 952/2015, do 23 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, Sociedad Anónima, e das súas filiais.*

O réxime xurídico da «Empresa de Transformación Agraria, Sociedad Anónima» (Tragsa) e das súas filiais encóntrase previsto na disposición adicional vixésimo quinta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que as cualifica como medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e dos seus poderes adjudicadores, para os cales poden prestar servizos en virtude de encomendas de xestión.

Nesta disposición establécese, no seu número 7, que as tarifas que se apliquen para determinar o importe das encomendas de xestión que se encarguen a Tragsa e ás súas filiais deben representar o custo real de realización dos traballos encomendados. No mesmo sentido se manifesta o artigo 3.2 do Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, Sociedad Anónima, e das súas filiais.

Este principio establecido pola lei pódese ver afectado por modificacións normativas que fagan necesaria unha adaptación das tarifas, ben que para que non se produza unha distorsión no custo real dos traballos é necesario que as novas tarifas sexan aplicables desde o momento en que entre en vigor o cambio normativo de que se trate.

Por isto, o presente real decreto modifica o artigo 3.9 do Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, co fin de prever que, se as novas tarifas derivan exclusivamente dun cambio normativo que modifique os custos reais de realización das encomendas, estas se aplicarán ás encomendas en curso desde a entrada en vigor do cambio normativo.

O suposto anterior produciuse no presente exercicio en virtude do previsto na Lei 28/2014, do 27 de novembro, pola que, entre outras leis, se modifican a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (LIVE), e a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, que dá nova redacción aos artigos 7.8.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, e 9.9.º da Lei 20/1991, do 7 de xuño, e declara non suxeitos ao IVE e ao imposto xeral indirecto canario (IXIC) os servizos prestados en virtude de encomendas de xestión.

Esta regra de non suxeición ao IVE entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro de 2015 e só é aplicable ás administracións públicas, tal e como están definidas no artigo 7.8.º da LIVE, de forma que se exclúen as sociedades mercantís ou outras entidades de dereito público que non reúnan os requisitos establecidos no mencionado artigo.

A aplicación da reforma introducida pola Lei 28/2014, do 27 de novembro, xera, no caso de Tragsa e das súas filiais, pola aplicación do previsto na redacción actualmente vixente do artigo 3.9 do Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, unha distorsión no custo das prestacións realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2015 polas encomendas de xestión que se encontrasen en curso ou finalizasen na data de aplicación das novas tarifas adaptadas ao cambio normativo que introduce a Lei 28/2014, do 27 de novembro, que foron aprobadas no correspondente Acordo da Comisión para a determinación das tarifas de Tragsa, publicado no «Boletín Oficial del Estado» o pasado 10 de abril de 2015.

Neste sentido, a nova redacción que se establece do artigo 3.9 do Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, ten por obxecto evitar no futuro este tipo de situacións, pero tamén evitar a distorsión concreta que introduce a Lei 28/2014, do 27 de novembro, para o cal se establece na disposición transitoria única que a nova redacción teña efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2015 para o suposto que esta recolle.

Por último, aprovéitase a modificación do precepto para adecuar a súa redacción, no relativo ao sistema de actualización das tarifas, ao previsto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Este real decreto, na súa fase de proxecto, foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, Sociedad Anónima, e das súas filiais.*

Modifícase o artigo 3.9 do Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, Sociedad Anónima, e das súas filiais, que quedará coa seguinte redacción:

«9. As novas tarifas e as que se modificasen aplicaranse ás novas encomendas que formule a Administración a partir da súa aprobación ou da data que nela se acorde, pero non ás anualidades sucesivas das actuacións en curso, salvo que deriven exclusivamente dun cambio normativo que modifique os custos reais de realización das encomendas, caso en que estas se aplicarán, desde a data de entrada en vigor do citado cambio normativo, ás encomendas en curso na dita data, conforme o disposto no seguinte parágrafo.

En relación coas mencionadas tarifas que deriven exclusivamente dun cambio normativo deberase tramitar o oportuno expediente de modificación da respectiva encomenda de xestión, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria, no cal deberá quedar acreditado que o diferente custo que se vai financiar da encomenda deriva exclusivamente da necesaria adecuación das tarifas á exixencia legal contida na disposición adicional vixésimo quinta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. O gasto adicional que, se for o caso, derive farase efectivo no seguinte ou nos seguintes pagamentos que se deban efectuar nas encomendas aínda non liquidadas e pendentes de execución.

As tarifas establecerán o período de validez destas e o sistema de actualización que, se for o caso, proceda durante o período da súa vixencia, de conformidade, en todo caso, co disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, e na súa normativa de desenvolvemento. Na falta de aprobación das novas tarifas ou da modificación das existentes, o réxime tarifario vixente entenderase prorrogado até que a Comisión adopte o correspondente acordo.»

Disposición transitoria única. *Aplicación temporal.*

1. O disposto no artigo único deste real decreto aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2015, nos termos previstos no seguinte número, como consecuencia dos efectos do cambio normativo efectuado pola Lei 28/2014, do 27 de novembro, no artigo 7.8.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

2. As tarifas aprobadas polo Acordo da Comisión para a determinación de tarifas Tragsa polo que se actualizan as tarifas dos prezos simples das encomendas de prestación de servizos, publicado no *Boletín Oficial del Estado* o 10 de abril de 2015, serán aplicables ás prestacións realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2015 polas encomendas de xestión que se encontrasen en curso ou finalizasen na data de aplicación do mencionado acordo, con independencia de que tales encomendas de xestión se formalizasen a partir do 1 de

xaneiro de 2015 ou con anterioridade a esta data, logo da tramitación do correspondente expediente e sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Oviedo o 23 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN